

As regras do desexo

Poesía En verso, dúas olladas diferentes sobre o erotismo

Xoguetes póstumos ·

Emma Pedreira ·

Asoc. Caldeirón, 2009 ·

55 páx · 10 euros (prezo
conxunto dos
dous libros)



E alentar na túa rosa ·

Paco Souto ·

Asoc. Caldeirón, 2009 ·

40 páx · 10 euros
(prezo conxunto dos
dous libros)



En *Las experiencias del deseo*, Jesús Ferrero di que “el ser es concentración de deseo limitado por la piel” xa que a forza que nos move a actuar contra as carencias inherentes á natureza humana é, sen dúbida, o desexo. Este elemento, de longa tradición entre nós, volta converterse en tema fulcral en *Xoguetes póstumos*, de Emma Pedreira, e en *E alentar na túa rosa*, de Paco Souto, obras que gañaron, respectivamente, o premio e o accésit na III edición do certame de poesía erótica Illas Sisargas convocado polo Concello de Malpica e a A. C. Caldeirón. Aínda partindo de ópticas diversas na súa visión do erotismo, ambos os autores presentan o desexo non como subxectividade extrema senón como acto que permite ao eu compartir a transcendencia do ti, darse a el, tal e como quería Sartre. Así, se Emma Pedreira indaga na ausencia como factor coadxuvante dunha ansia que medra até extremos intolerables, Paco Souto explicita a feliz comunión de percorrer un corpo entregado na procura da rosa, metáfora do sexo feminino, Grial que contén o bálsamo para todas as feridas. Xa que logo, o punto de inicio dos poemarios é contraposto. Mentres o eu de *Xoguetes póstumos* vive prisioneira nun faro “insignia de sixilo e espe-

ra” –que se transforma en zulo, torre, caverna, foxo... para representar lugares de reclusión– e asume un rol imposto de Penélope que agarda ao mariño custodiando o desexo, a casa e as raíces; o de *E alentar na túa rosa* é un explorador que vaga polo seu particular territorio do desexo, o corpo da amada, pois entende que “Non se trata tanto/ de enfiar palabras con acentos/ trátase antes/ do alento/ da aventura que hai/ entre a gorxa e os cadrís”. Unha aventura contada en múltiples planos que van do primerísimo das bocas bicándose até o panorámico dunha vida orientada ao afán de coñecer “as letras do teu nome verdadeiro”, e cunha forte presenza da sensorialidade. Pola contra, Emma Pedreira amósanos ao eu nun estado de ardor desmesurado, fogo que emana da ansia contida durante longo tempo e tamén da desesperanza que vai dominando á que agarda unha volta imposible, á que sabe que “Existo no interno dos corpos.// Dentro do meu/ alumeo cicatriz do tempo.// Do teu/ son entraña habitante/ e estraña víscera”. Só así se pode entender que a volta do ti ao faro, anunciada no poema final, non poida mudar a connotación dun desexo que se comprende xa póstumo.

Deste xeito, os dous poetas resoven de modo diverxente as súas obras. Paco Souto presentando no último texto un eu envellecido que ten a cabeza como único órgano sexual vivo pero sentindo aínda agromar o desexo ao contemplar o ti, e Emma Pedreira facendo do ansiado regreso do outro o punto final dunha relación xa esgotada. Eis as regras do desexo: darse sen medida (“a partir de min/ acaba o límite/ eu comezo nós”, como en *Xoguetes póstumos*) e ir até as extremas (“sermos a un paso só do abismo”, para *E alentar na túa rosa*). // **Teresa Seara**